



Concello da Coruña

Área / Unidad FOMENTO DEPORTES MGR	Documento 2141AI01HJ	
Código de verificación  1541 600Z 281C 0K5F 000X	Expediente 214/2026/2	
	Fecha 11-08-2026	

ASUNTO: Publicación no taboleiro de edictos da resolución de concesión provisional da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e o apoio ao desenvolvemento de actividades físicas e deportivas que se realicen durante o exercicio 2026.

ANUNCIO

O Concelleiro responsable de Deportes, por delegación da Xunta de Goberno Local (Acordo da XGL do 31.07.2026, BOP núm. 147 do 05.08.2026) acordou autorizar o gasto e aprobar a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e o apoio ao desenvolvemento de actividades físicas e deportivas que se realicen durante o exercicio 2026, por resolución de data 26 de marzo de 2026 , RES/AYT/5266/2026.

O importe desta convocatoria é de 450.000,00 euros, gasto imputable á aplicación 52 341 48900 do Orzamento Municipal de 2026.

A convocatoria de subvencións publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 62, do 6 de abril de 2026, BDNS (Identif.): 895958.

Asentada en actas o día 13 de agosto de 2026 a resolución provisional (COR/RES/15430/2026) da convocatoria indicada, publícase con este Anuncio unha copia da dita resolución provisional para coñecemento xeral, consonte a Base 15 da convocatoria, e o artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

Infórmase de que o prazo de presentación das alegacións é de 10 días hábiles: do 17 de agosto o 28 de agosto, ambos incluídos.

Neste prazo as persoas interesadas (solicitantes e beneficiarias) poderán formular as alegacións que estimen oportunas.

A resolución provisional non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notificase a resolución definitiva da concesión.

A Coruña, na data de firma electrónica deste documento

A xefa de Servizo de Deportes

Patricia Vázquez García